

I. Disposicións xerais

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

19968 *REAL DECRETO 1494/2007, do 12 de novembro, polo que se aproba o Regulamento sobre as condicións básicas para o acceso das persoas con discapacidade ás tecnoloxías, produtos e servizos relacionados coa sociedade da información e medios de comunicación social.* («BOE» 279, do 21-11-2007.)

A Lei 51/2003, do 2 de decembro, de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal das persoas con discapacidade, contén unha disposición derradeira sétima que lle encomenda ao Goberno fixar, no prazo de dous anos desde a súa entrada en vigor, unhas condicións básicas de accesibilidade e non-discriminación para o acceso e utilización das tecnoloxías, produtos e servizos relacionados coa sociedade da información e de calquera medio de comunicación social.

No mesmo sentido, a Lei 34/2002, do 11 de xullo, de servizos da sociedade da información e de comercio electrónico, na súa disposición adicional quinta, obriga as administracións públicas a adoptaren as medidas necesarias para que a información dispoñible nas súas respectivas páxinas da internet poida ser accesible a persoas maiores e con discapacidade de acordo cos criterios de accesibilidade ao contido xeralmente recoñecidos, antes do 31 de decembro de 2005. A disposición adicional quinta establece, así mesmo, que as administracións públicas deben promover a adopción de normas de accesibilidade por parte dos prestadores de servizos e dos fabricantes de equipamentos e de programas de ordenador, para facilitar o acceso das persoas maiores ou con discapacidade aos contidos dixitais.

O Consello de Ministros do 4 de novembro de 2005 adoptou o acordo polo que se aproba o Plan 2006-2010 para o desenvolvemento da sociedade da información e de converxencia con Europa e entre comunidades autónomas e cidades con estatuto de autonomía (Plan Avanza) que inclúe un mandato dirixido ao Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais, ao Ministerio de Industria, Turismo e Comercio e ao Ministerio de Administracións Públicas para que elaboren un proxecto de real decreto polo cal se regulen as condicións de accesibilidade e non-discriminación para o acceso e utilización dos servizos relacionados coa sociedade da información, tomando en consideración, de xeito particular, as recomendacións europeas ao respecto.

Este real decreto inspírase nos principios establecidos na Lei 51/2003, do 2 de decembro, fundamentalmente, accesibilidade universal e deseño para todos.

Uns criterios de accesibilidade aplicables ás páxinas da internet son os que se recollen, a nivel internacional,

na Iniciativa de Accesibilidade á Web (Web Accessibility Initiative) do Consorcio Mundial da Web (World Wide Web Consortium), que os determinou en forma de pautas comunmente aceptadas en todas as esferas da internet, como as especificacións de referencia cando se trata de facer que as páxinas da internet sexan accesibles ás persoas con discapacidade. En función das devanditas pautas, a Iniciativa de Accesibilidade á Web determinou tres niveis de accesibilidade: básico, medio e alto, que se coñecen como niveis A, AA ou dobre A e AAA ou triplo A. As devanditas pautas foron incorporadas en España a través da Norma UNE 139803:2004, que establece tres niveis de prioridades.

Este real decreto especifica o grao de accesibilidade aplicable ás páxinas da internet das administracións públicas, establecendo como nivel mínimo obrigatorio o cumprimento das prioridades 1 e 2 da citada Norma UNE.

Na mesma dirección, a Lei 10/2005, do 14 de xuño, de medidas urxentes para o impulso da televisión dixital terrestre, de liberalización da televisión por cable e de fomento do pluralismo, na súa disposición adicional 2.^a, refírese á garantía de accesibilidade da televisión dixital terrestre para as persoas con discapacidade, indicando que as administracións competentes, logo de audiencia a representantes de sectores afectados e interesados, adoptarán as medidas necesarias para garantir desde o inicio a accesibilidade das persoas con discapacidade aos servizos de televisión dixital terrestre, concretando que, para conseguir este fin, as medidas que se adopten se atarán aos principios de accesibilidade universal e deseño para todas as persoas.

Así mesmo, a Lei 32/2003, do 3 de novembro, xeral de telecomunicacións, no seu artigo 3, «Obxectivos e principios», recolle a defensa dos intereses e a satisfacción das necesidades das persoas con necesidades especiais, tales como as persoas con discapacidade, e, no seu artigo 22, establece, dentro do ámbito do servizo universal, que os usuarios finais con discapacidade deben ter acceso ao servizo telefónico dispoñible ao público desde unha situación fixa e aos demais elementos do servizo universal en condicións equiparables a aquelas que se ofrecen ao resto de usuarios finais.

O regulamento de desenvolvemento da devandita lei, sobre as condicións para a prestación de servizos de comunicacións electrónicas, o servizo universal e a protección dos usuarios, aprobado polo Real decreto 424/2005, do 15 de abril, concreta o ámbito do servizo universal, imponéndolle obrigas ao operador designado en materia de accesibilidade, como as de garantir a existencia dunha oferta suficiente e tecnoloxicamente actualizada de terminais especiais adaptados aos diferentes tipos de discapacidade e realizar unha difusión suficiente desta; a de poñer á disposición de todos os usuarios, a través da internet, a guía telefónica en formato accesible; a de poñer á disposición dos usuarios cegos, ou con

grave discapacidade visual, unha determinada franquía nas chamadas ao servizo de consulta telefónica sobre números de subscritor, así como a de facilitar, de forma gratuíta, as facturas e as condicións de prestación do servizo, en sistema braille ou en letras grandes; a tarificación especial das chamadas que se realicen desde calquera punto do territorio nacional ao Centro de intermediación telefónica para persoas xordas ou con discapacidade auditiva e/ou de fonación do Ministerio de Trabajo e Asuntos Sociais; a obriga de elaborar plans de adaptación das cabinas na vía pública para facilitar a súa accesibilidade aos usuarios con discapacidade, en particular, aos usuarios cegos, en cadeira de rodas ou de baixa estatura.

Finalmente, a Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, no seu artigo 4.c), establece o principio de accesibilidade á información e aos servizos por medios electrónicos nos termos establecidos pola normativa vixente nesta materia a través de sistemas que permitan obtelos de xeito seguro e comprensible, garantindo especialmente a accesibilidade universal e o deseño para todos os soportes, canles e ámbitos, co obxecto de que todas as persoas poidan exercer os seus dereitos en igualdade de condicións, incorporando as características necesarias para garantir a accesibilidade daqueles colectivos que o requiran.

Este real decreto, na súa disposición adicional primeira, amplía as prestacións que o operador designado deberá ofrecer, modificando o regulamento do servizo universal. En concreto, incorpórase a obriga de que a guía telefónica sexa accesible a través da internet coas condicións de accesibilidade previstas para as páxinas web das administracións públicas; ampliáanse as obrigas relativas á adaptación dos teléfonos públicos de pagamento, de forma que nos citados plans se recollan expresamente as medidas para facilitar o acceso aos usuarios cegos. Ademais, os ditos plans deberán prever a accesibilidade para persoas con grave discapacidade visual, tanto da información visual que se exhiba no visor do terminal, como da que figura na propia cabina. Finalmente, refórzase a obriga do operador designado en relación coa oferta de terminais fixos adaptados aos distintos tipos de discapacidade e menciónase expresamente a inclusión de solucións para que as persoas con discapacidade visual poidan acceder aos contidos das pantallas.

Por outra parte, no Plan Nacional de Accesibilidade 2004-2012, adoptado por acordo do Consello de Ministros do 5 de xullo de 2003, ponse de relevo que o uso que as persoas con discapacidade fan das tecnoloxías, sistemas, produtos e servizos relacionados coa comunicación, a información e a sinalización é superior ao da media española.

A utilización dos novos recursos tecnolóxicos está moi a miúdo vinculada á calidade de vida, á normalización e á integración na sociedade das persoas con discapacidade. Por isto, as barreiras que se producen neste campo son de especial importancia e deberán ser eliminadas de raíz. Este real decreto dítase con ese propósito.

Este real decreto foi sometido a consulta da XXXVI Conferencia Sectorial de Asuntos Sociais, do Consello Nacional da Discapacidade, da Comisión do Mercado das Telecomunicacións, do Consello Asesor das Telecomunicacións e para a Sociedade da Información e do Consello Superior de Administración Electrónica. Así mesmo, participou na súa elaboración, mediante consultas, o tecido social da discapacidade articulado arredor do Comité Español de Representantes de Persoas con Discapacidade.

Na súa virtude, por proposta conxunta dos ministros de Industria, Turismo e Comercio, de Trabajo e Asuntos Sociais e de Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación de Consello de Ministros na súa reunión do día 8 de novembro de 2007,

DISPONGO:

Artigo único. *Aprobación do regulamento.*

Apróbase o Regulamento sobre as condicións básicas para o acceso das persoas con discapacidade ás tecnoloxías, produtos e servizos relacionados coa sociedade da información e medios de comunicación social.

Disposición adicional primeira. *Modificación do Real decreto 424/2005, do 15 de abril, polo que se aproba o Regulamento sobre as condicións para a prestación de servizos de comunicacións electrónicas, o servizo universal e a protección dos usuarios.*

O Real decreto 424/2005, do 15 de abril, polo que se aproba o Regulamento sobre as condicións para a prestación de servizos de comunicacións electrónicas, o servizo universal e a protección dos usuarios, modifícase nos seguintes termos:

Un. Engádeselle un segundo parágrafo ao artigo 30.2 en relación coa accesibilidade da guía telefónica universal a través da internet:

«O operador designado deberá ofrecer acceso ás guías telefónicas a través da internet, en formato accesible para usuarios con discapacidade, nas condicións e prazos de accesibilidade establecidos para as páxinas da internet das administracións públicas, no Regulamento sobre as condicións básicas para o acceso das persoas con discapacidade ás tecnoloxías, produtos e servizos relacionados coa sociedade da información e medios de comunicación social.»

Dous. O parágrafo segundo do punto 4 do artigo 32 queda redactado do seguinte xeito:

«Para iso, o operador designado presentará, para a súa aprobación polo Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, plans de adaptación dos teléfonos públicos de pagamento para facilitar a súa accesibilidade polos usuarios con discapacidade e, en particular, polos usuarios cegos, en cadeira de rodas ou de baixa estatura. En relación cos usuarios cegos, os plans deberán prever a accesibilidade, tanto da información dinámica facilitada polo visor de terminal, coma da estática a que se refire o punto 3.f) deste artigo. Os devanditos plans deberanse presentar cun ano de antelación á finalización daquel que estivese vixente ou cando o Ministerio de Industria, Turismo e Comercio o demande por considerar superado o vixente.»

Tres. O parágrafo primeiro do punto 2 do artigo 33 queda redactado como segue:

«Para os efectos do disposto no punto anterior, o operador designado garantirá a existencia dunha oferta suficiente e tecnoloxicamente actualizada de terminais especiais, adaptados aos diferentes tipos de discapacidade, tales como teléfonos de texto, videotelefonos ou teléfonos con amplificación para persoas con discapacidade auditiva, ou solucións para que as persoas con discapacidade visual poidan acceder aos contidos das pantallas dos terminais, e realizará unha difusión suficiente daquela.»

Catro. O parágrafo 2.º do punto 2.a) do artigo 35 queda redactado do seguinte modo:

«2.º Usuarios cegos ou con grave discapacidade visual. Consistirá na aplicación dunha determinada franquía nas chamadas ao servizo de consulta telefónica sobre números de subscritor, e no establecemento das condicións para a recepción gratuíta das facturas e da publicidade e información

subministrada aos demais subscritores de telefonía fixa sobre as condicións de prestación dos servizos, en sistema braille ou en letras ou caracteres ampliados, sen menoscabo da oferta que desta información se poida realizar noutros sistemas ou formatos alternativos.»

Disposición adicional segunda. *Apoios complementarios.*

De acordo co ordenado polo artigo 10.2 c) da Lei 51/2003, do 2 de decembro, de igualdade de oportunidades, non-discriminación e accesibilidade universal das persoas con discapacidade, establécense os seguintes apoios complementarios:

a) As persoas con discapacidade e as súas familias poderanse beneficiar das subvencións e axudas económicas que establezan as administracións públicas para a adquisición ou contratación máis vantaxosa de elementos, bens, produtos e servizos da sociedade da información, no ámbito das súas competencias.

b) As persoas maiores e con discapacidade terán a consideración de grupo de poboación prioritario no acceso ás iniciativas, programas e accións de infoinclusión e de extensión da sociedade da información que desenvolvan as administracións públicas. O Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais e o Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, a través dos mecanismos axeitados e, de ser o caso, do Instituto Nacional de Tecnoloxías da Comunicación, promoverán o acceso regular e normalizado das persoas con discapacidade á sociedade da información.

c) O Centro Estatal de Autonomía Persoal e Axudas Técnicas do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais e o Ministerio de Industria Turismo e Comercio habilitarán unha páxina da internet, accesible ás persoas con discapacidade e maiores, que conterá información global, completa e actualizada de todos os elementos, bens, produtos e servizos da sociedade da información, así como das iniciativas, programas e accións que se desenvolvan no ámbito da sociedade da información e os medios de comunicación social que teñan relevancia desde a perspectiva das persoas con discapacidade e maiores.

Disposición adicional terceira. *Consello Nacional da Discapacidade.*

O Consello Nacional da Discapacidade, con base no informe anual ou nas medidas ou decisións propostas pola Oficina Permanente Especializada ao Pleno, informará sobre o grao de cumprimento das obrigas en materia de accesibilidade regulada neste real decreto, para que sexa tido en conta polo departamento ministerial responsable.

Disposición transitoria única. *Prazos.*

1. As obrigas e medidas contidas neste real decreto e o regulamento anexo serán exixibles desde o 4 de decembro de 2009 para todos os produtos e servizos novos, incluídas as campañas institucionais que se difundan en soporte audiovisual e desde o 4 de decembro de 2013 para todos aqueles existentes que sexan susceptibles de axustes razoables.

2. As páxinas da internet das administracións públicas ou con financiamento público deberán adaptarse ao disposto no artigo 5 do devandito regulamento, nos seguintes prazos:

a) As páxinas novas deberán axustarse á prioridade 1 da Norma UNE 139803:2004 desde a entrada en vigor do real decreto.

b) As páxinas existentes deberán adaptarse á prioridade 1 da Norma UNE 139803:2004 no prazo de seis meses desde a entrada en vigor.

c) Todas as páxinas, actualmente existentes ou de nova creación, deberán cumprir a prioridade 2 da Norma UNE 139803:2004 a partir do 31 de decembro de 2008. Non obstante, este prazo de adaptación e a citada norma técnica de referencia poderán ser modificados para os efectos da súa actualización mediante orde ministerial conxunta, nos termos establecidos na disposición derradeira terceira deste real decreto.

3. As obrigas que a disposición adicional primeira deste real decreto introduce no regulamento aprobado polo Real decreto 424/2005, do 15 de abril, deberán ser cumpridas a partir da entrada en vigor deste real decreto, coa excepción do previsto nela para a accesibilidade á guía telefónica universal a través da internet, á cal lle serán de aplicación os prazos establecidos no punto anterior.

Disposición derradeira primeira. *Financiamento.*

As medidas previstas neste real decreto serán financiadas con cargo aos créditos ordinarios dos correspondentes departamentos e organismos públicos competentes.

Disposición derradeira segunda. *Título competencial.*

1. Este real decreto dítase ao abeiro das regras 1.^a e 21.^a do artigo 149.1 da Constitución, que lle reservan ao Estado, respectivamente, competencias para a regulación das condicións básicas que garantan a igualdade de todos os españois no exercicio dos dereitos e no cumprimento dos deberes constitucionais e en materia de telecomunicacións.

2. Os artigos 5 e 8 do regulamento anexo a este real decreto teñen o carácter de lexislación básica sobre o réxime xurídico das administracións públicas, de conformidade co disposto no artigo 149.1.18.^a da Constitución.

Disposición derradeira terceira. *Facultades de desenvolvemento.*

Autorízanse os ministros de Economía e Facenda, de Traballo e Asuntos Sociais, de Industria, Turismo e Comercio e de Administracións Públicas, logo de consulta ao Consello Nacional de Discapacidade e ao sector de operadores e empresas obrigadas a cumprir as medidas do real decreto, a propoñerlle ao ministro da Presidencia a adopción mediante orde de cantas disposicións sexan necesarias para a actualización de estándares determinados no Regulamento sobre as condicións básicas para o acceso das persoas con discapacidade ás tecnoloxías, produtos e servizos relacionados coa sociedade da información e medios de comunicación social ou o recoñecemento doutros novos.

Disposición derradeira cuarta. *Accesibilidade de páxinas da internet.*

No ámbito da Administración xeral do Estado, a excepcionalidade prevista no artigo 5.2 do regulamento determinarase por orde da ministra da Presidencia ditada por proposta conxunta dos ministros de Economía e Facenda, de Traballo e Asuntos Sociais, de Industria, Turismo e Comercio e da ministra de Administracións Públicas.

Disposición derradeira quinta. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 12 de novembro de 2007

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta primeira do Goberno
e ministra da Presidencia,
MARÍA TERESA FERNÁNDEZ DE LA VEGA SANZ

REGULAMENTO SOBRE AS CONDICIÓN BÁSICAS PARA O ACCESO DAS PERSOAS CON DISCAPACIDADE ÁS TECNOLOXÍAS, PRODUTOS E SERVIZOS RELACIONADOS COA SOCIEDADE DA INFORMACIÓN E MEDIOS DE COMUNICACIÓN SOCIAL

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto do regulamento.*

O obxecto deste regulamento é establecer os criterios e as condicións que se consideran básicos para garantir o acceso das persoas con discapacidade ás tecnoloxías, produtos e servizos da sociedade da información e de calquera medio de comunicación social, de acordo cos principios de igualdade de oportunidades, non-discriminación e accesibilidade universal.

Artigo 2. *Ámbito de aplicación.*

As administracións públicas, os operadores de telecomunicacións, os prestadores de servizos da sociedade da información e os titulares de medios de comunicación social que presten os seus servizos baixo a xurisdición española deberán cumprir as condicións básicas de accesibilidade que se establecen neste regulamento.

CAPÍTULO II

Condicións básicas de accesibilidade e non-discriminación en materia de telecomunicacións

Artigo 3. *Condicións básicas de accesibilidade aos servizos de atención ao cliente e ao contido dos contratos, facturas e demais información exixida.*

1. Os operadores deberán realizar os axustes razoables que permitan o acceso ás persoas con discapacidade ao servizo de atención ao cliente, referido no artigo 104 do regulamento, aprobado polo Real decreto 424/2005, do 15 de abril, nos prazos establecidos na disposición derradeira sétima da Lei 51/2003, do 2 de decembro.

2. Así mesmo, os operadores deberán facilitar aos subscritores con discapacidade visual que o soliciten, en condicións e formatos accesibles, os contratos, facturas e demais información subministrada a todos os subscritores en cumprimento do disposto na Lei 32/2003, do 3 de novembro, xeral de telecomunicacións e a súa normativa de desenvolvemento, en materia de dereitos dos usuarios. Cando a información ou comunicación se realice a través da internet, será de aplicación o disposto neste regulamento para as páxinas das administracións públicas ou con financiamento público.

Artigo 4. *Condicións básicas de accesibilidade ao servizo de telefonía móbil.*

1. Sen prexuízo do disposto no Regulamento sobre as condicións para a prestación de servizos de comunicacións electrónicas, o servizo universal e a protección dos usuarios, aprobado polo Real decreto 424/2005, do 15 de abril, o Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais, a través do Centro Estatal de Autonomía Persoal e Axudas Técnicas, promoverá a existencia dunha oferta suficiente e tecnoloxicamente actualizada de terminais de telefonía móbil especiais adaptados aos diferentes tipos de discapacidade. Para estes efectos, teranse en consideración, entre outros, os seguintes elementos ou facilidades:

a) Marcación vocal e xestión das funcións principais do teléfono por voz.

b) Información, a través dunha síntese de voz, das diferentes opcións dispoñibles en cada momento ou de calquera cambio que se produza na pantalla.

c) Xeración de voz para facilitar a accesibilidade dos SMS.

d) Conectores para instalar equipamentos auxiliares tales como auriculares, amplificadores con bobina inductiva, pantallas externas, ou teclados para enviar mensaxes.

e) Pantallas de alto contraste, con caracteres grandes ou ampliados e posibilidade de configuración polo usuario.

2. Cando, de acordo coa Directiva 1999/5/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 9 de marzo de 1999, sobre equipamentos radioeléctricos e equipamentos terminais de telecomunicacións e recoñecemento mutuo da súa conformidade, a Comisión Europea decida a incorporación de requisitos adicionais nos equipamentos terminais de telefonía móbil, relativos á compatibilidade deles coas funcionalidades que faciliten a súa utilización por usuarios con discapacidade, a súa publicación en España farase mediante resolución da Secretaría de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información, de acordo co disposto no artigo 4 do Regulamento que establece o procedemento para a avaliación da conformidade dos aparellos de telecomunicacións, aprobado polo Real decreto 1890/2000, do 20 de novembro.

CAPÍTULO III

Criterios e condicións básicas de accesibilidade e non-discriminación en materia de sociedade da información

Artigo 5. *Criterios de accesibilidade aplicables ás páxinas da internet das administracións públicas ou con financiamento público.*

1. A información dispoñible nas páxinas da internet das administracións públicas deberá ser accesible ás persoas maiores e persoas con discapacidade, cun nivel mínimo de accesibilidade que cumpra as prioridades 1 e 2 da Norma UNE 139803:2004.

Esta obriga non será aplicable cando unha información, funcionalidade ou servizo non presente unha alternativa tecnolóxica economicamente razoable e proporcionada que permita a súa accesibilidade.

Así mesmo, respecto á lingua de signos, as citadas páxinas da internet terán en conta o disposto na Lei 27/2007, do 23 de outubro, pola que se recoñecen as linguas de signos españolas e se regulan os medios de apoio á comunicación oral de persoas xordas, con discapacidade auditiva e xordocegas.

2. Excepcionalmente, as administracións públicas poderán recoñecer a accesibilidade de páxinas da internet conforme normas técnicas distintas das que figuran no punto 1 deste artigo, sempre que se comprobe que alcanzan unha accesibilidade similar á que estas normas garantan.

3. As páxinas da internet das administracións públicas deberán conter de forma clara a información sobre o grao de accesibilidade ao seu contido que aplicasen, así como a data en que se fixo a revisión do nivel de accesibilidade expresado.

4. Para poder acceder ao financiamento público para o deseño ou mantemento de páxinas da internet será necesario asumir o cumprimento dos criterios de accesibilidade previstos no punto 1 deste artigo.

De igual modo, serán exixibles, e nos mesmos prazos, estes criterios de accesibilidade para as páxinas da internet de entidades e empresas que se encarguen, xa sexa por vía concesional ou a través doutra vía contractual, de

xestionar servizos públicos, en especial, dos que teñan carácter educativo, sanitario e servizos sociais.

Así mesmo, será obrigatorio o expresado neste punto para as páxinas da internet e os seus contidos, dos centros públicos educativos, de formación e universitarios, así como, dos centros privados sostidos, total ou parcialmente, con fondos públicos.

5. As páxinas da internet das administracións públicas deberánlle ofrecer ao usuario un sistema de contacto para que poidan transmitir as dificultades de acceso ao contido das páxinas da internet, ou formular calquera queixa, consulta ou suxestión de mellora. Os órganos competentes realizarán periodicamente estudos de carácter público sobre as consultas, suxestións e queixas formuladas.

Artigo 6. *Criterios de accesibilidade a outras páxinas da internet.*

As administracións públicas promoverán medidas de sensibilización, divulgación, educación e, en especial, formación no terreo da accesibilidade, co obxecto de lograr que os titulares doutras páxinas da internet distintas daquelas ás cales se refire o artigo anterior, incorporen progresivamente e na medida do posible os criterios de accesibilidade e melloren os niveis mencionados neste, particularmente aquelas cuxo contido se refira a bens e servizos á disposición do público e, de forma prioritaria, as de contido educativo, sanitario e de servizos sociais.

Artigo 7. *Sistema de certificación de páxinas da internet.*

1. Para os efectos deste real decreto, as páxinas da internet poderán ser certificadas por unha entidade de certificación cuxa competencia técnica fose recoñecida formalmente por unha entidade de acreditación de acordo co disposto no capítulo II do título III, sobre calidade industrial, da Lei 21/1992, do 16 de xullo, de industria, e nas súas correspondentes disposicións de desenvolvemento contidas no Real decreto 2200/1995, do 28 de decembro, polo que se aproba o Regulamento da infraestrutura para a calidade e a seguranza industrial.

2. Nos procedementos de certificación a que se refire o punto anterior empregaranse preferentemente normas técnicas españolas, normas aprobadas por organismos de normalización europeos e, na súa falta, outras normas internacionais aprobadas por organismos oficiais de normalización.

Artigo 8. *Condicións básicas de accesibilidade aos equipamentos informáticos e aos programas de ordenador.*

1. Os equipamentos informáticos e os programas de ordenador -independentemente de que sexan libres ou estean sometidos a dereitos de patente ou ao pagamento de dereitos- utilizados polas administracións públicas, cuxo destino sexa o uso polo público en xeral, deberán ser accesibles ás persoas maiores e persoas con discapacidade, de acordo co principio reitor de «deseño para todos» e os requisitos concretos de accesibilidade exixidos, preferentemente nas normas técnicas nacionais que incorporen normas europeas, normas internacionais, outros sistemas de referencias técnicas elaborados polos organismos europeos de normalización ou, na súa falta, normas nacionais (Normas UNEN 139801:2003 e 139802:2003), e nos prazos establecidos no punto 1 da disposición transitoria única do real decreto polo cal se aproba este regulamento.

2. Deberanse promover medidas de sensibilización e difusión para que os fabricantes de equipamentos informáticos e de programas de ordenador incorporen aos seus produtos e servizos, progresivamente e na medida

do posible, os criterios de accesibilidade e de «deseño para todos», que faciliten o acceso das persoas maiores e persoas con discapacidade á sociedade da información.

Artigo 9. *Condicións básicas de accesibilidade en materia de sinatura electrónica.*

De acordo co establecido na disposición adicional novena da Lei 59/2003, do 19 de decembro, de sinatura electrónica, os servizos, procesos, procedementos e dispositivos de sinatura electrónica deberán ser plenamente accesibles ás persoas maiores e persoas con discapacidade, as cales non poderán ser, en ningún caso, discriminadas no exercicio dos seus dereitos e facultades por causas baseadas en razóns de discapacidade ou idade avanzada.

Para os efectos do parágrafo anterior será de aplicación o establecido nos artigos 5, 6 e 8 deste regulamento aos servizos, procesos, procedementos e dispositivos de sinatura electrónica.

CAPÍTULO IV

Condicións básicas de accesibilidade e non-discriminación en materia de medios de comunicación social

Artigo 10. *Condicións básicas de accesibilidade aos contidos da televisión.*

1. As persoas con discapacidade terán acceso aos contidos dos medios de comunicación audiovisual, conforme as disponibilidades que permite o progreso técnico, os deseños universais e os axustes razoables que, para atender as singularidades que presentan estas persoas, sexa preciso levar a cabo.

2. Os contidos audiovisuais da televisión serán accesibles ás persoas con discapacidade mediante a incorporación da subtitulación, a audiodescrición e a interpretación en lingua de signos, nos termos establecidos especificamente na lexislación xeral audiovisual, que regulará, con carácter de norma básica, as condicións de acceso e non-discriminación nos contidos da televisión.

Artigo 11. *Condicións básicas de accesibilidade á televisión dixital.*

1. As administracións públicas adoptarán as medidas necesarias para garantir o acceso das persoas con discapacidade aos servizos de televisión dixital, de acordo cos principios de accesibilidade universal e deseño para todas as persoas.

2. As administracións públicas adoptarán as medidas necesarias para lles garantiren ás persoas con discapacidade a existencia dunha oferta suficiente de equipamentos receptores de televisión dixital que permitan recibir os seus contidos, faciliten a navegación a través dos menús de configuración, as guías electrónicas de programación, os servizos interactivos e outros contidos textuais, así como todas as prestacións básicas que ofrecen os receptores de televisión dixital, de acordo cos principios de accesibilidade universal e de deseño para todos.

As ferramentas de accesibilidade, que para tal efecto se utilicen, poderán integrar os seguintes elementos tecnológicos:

a) Conversión de texto a voz para favorecer a navegabilidade dos menús de configuración, as guías electrónicas de programación e os servizos interactivos e outros contidos textuais.

b) Aplicacións de recoñecemento de voz para efectuar operacións de configuración, de solicitude de información das guías electrónicas de programación ou

emprego de servizos interactivos ou doutros contidos textuais.

c) Ergonomía nos receptores de televisión dixital, así como en todos os seus dispositivos asociados, e, moi especialmente, no deseño dos mandos a distancia.

d) Aplicacións de personalización para que persoas con discapacidade poidan configurar os receptores de televisión dixital e, moi particularmente, os parámetros de visualización: tamaño e cor da fonte de letras, cor de fondo, contraste e outros.

e) Outras ferramentas técnicas deseñadas para lles facer accesibles os contidos recibidos a través da televisión dixital ás persoas con discapacidade, facilitando o manexo do receptor e permitindo unha recepción da televisión dixital sen barreiras e axeitada ao tipo e grao de discapacidade.

As administracións públicas, na esfera das súas respectivas competencias, fomentarán a difusión pública das medidas de accesibilidade á televisión dixital, coordinarán actuacións e sinerxías entre todos os axentes implicados, e desenvolverán plans de investigación, desenvolvemento e innovación (I+D+i), co fin de favorecer a implantación e a posta en práctica das tecnoloxías necesarias para que as persoas con discapacidade teñan pleno acceso á televisión dixital. Igualmente, as administracións públicas implicadas promoverán o desenvolvemento de políticas de normalización, códigos de boas prácticas e ferramentas que incorporen requisitos de accesibilidade.

Artigo 12. *Condicións básicas de accesibilidade da publicidade institucional en soporte audiovisual.*

1. De conformidade co disposto na Lei 29/2005, do 29 de decembro, de publicidade e comunicación institucional, aquelas campañas institucionais que se difundan en soporte audiovisual preverán sempre nos seus pregos de cláusulas os procedementos de acondicionamento destinados a permitir que as mensaxes contidas sexan accesibles para as persoas con discapacidade e de idade avanzada.

2. Para os efectos deste artigo, a accesibilidade comprenderá a subtitulación en aberto das mensaxes faladas. Para a emisión en lingua de signos das mensaxes faladas (sistema de fiestra menor en ángulo da pantalla), a audiodescrición e a locución de todas as mensaxes escritas que aparezan, observarase o regulado pola Lei 27/2007, do 23 de outubro, pola que se recoñecen as linguas de signos españolas e se regulan os medios de apoio á comunicación oral de persoas xordas, con discapacidade auditiva e xordocegas. Todos estes procedementos de acondicionamento para permitir a accesibilidade se realizarán conforme as normas técnicas establecidas para cada caso.

3. Este artigo será de aplicación exclusiva no ámbito da Administración xeral do Estado e nas demais entidades integrantes do sector público estatal.

XEFATURA DO ESTADO

20082 *CORRECCIÓN de erros da Lei 16/2007, do 4 de xullo, de reforma e adaptación da lexislación mercantil en materia contable para a súa harmonización internacional con base na normativa da Unión Europea. («BOE» 281, do 23-11-2007.)*

Advertidos erros na publicación da Lei 16/2007, do 4 de xullo, de reforma e adaptación da lexislación mercantil en materia contable para a súa harmonización internacio-

nal con base na normativa da Unión Europea, publicada no «Boletín Oficial del Estado», suplemento en lingua galega número 18, do 7 de xullo de 2007, procédese a efectuar a oportuna rectificación:

1. Na disposición adicional oitava, número 1, tres, no artigo 13.1 b), páxina 2398, onde di: «b) Os relativos a retribucións e outras prestacións ao persoal. Non obstante, serán deducibles as contribucións dos promotores de plans de pensións regulados no texto refundido da Lei de regulación dos plans e fondos de pensións, aprobado por Real decreto lexislativo 1/2002, do 29 de novembro. Estas contribucións imputaranse a cada partícipe na parte correspondente, salvo as realizadas de maneira extraordinaria por aplicación do artigo 5.3.d) do citado texto refundido da Lei de regulación dos plans e fondos de pensións. Serán igualmente deducibles as contribucións para a cobertura de continxencias análogas ás dos plans de pensións, sempre que se cumpran os seguintes requisitos:

a) Que sexan imputadas fiscalmente ás persoas ás cales se vinculen as prestacións.

b) Que se transmita de forma irrevogable o dereito á percepción das prestacións futuras.

c) Que se transmita a titularidade e a xestión dos recursos en que consistan as contribucións.

Así mesmo, serán deducibles as contribucións efectuadas polas empresas promotoras previstas na Directiva 2003/41/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 3 de xuño de 2003, relativa ás actividades e á supervisión de fondos de pensións de emprego, sempre que se cumpran os requisitos regulados nas letras a), b) e c) e as continxencias cubertas sexan as previstas no artigo 8.6 do texto refundido da Lei de regulación dos plans e fondos de pensións.», debe dicir: «b) Os relativos a retribucións e outras prestacións ao persoal. Non obstante, serán deducibles as contribucións dos promotores de plans de pensións regulados no texto refundido da Lei de regulación dos plans e fondos de pensións, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2002, do 29 de novembro. Estas contribucións imputaranse a cada partícipe na parte correspondente, salvo as realizadas de maneira extraordinaria por aplicación do artigo 5.3.d) do citado texto refundido da Lei de regulación dos plans e fondos de pensións. Serán igualmente deducibles as contribucións para a cobertura de continxencias análogas ás dos plans de pensións, sempre que se cumpran os seguintes requisitos:

1.º Que sexan imputadas fiscalmente ás persoas ás cales se vinculen as prestacións.

2.º Que se transmita de forma irrevogable o dereito á percepción das prestacións futuras.

3.º Que se transmita a titularidade e a xestión dos recursos en que consistan as devanditas contribucións.

Así mesmo, serán deducibles as contribucións efectuadas polas empresas promotoras previstas na Directiva 2003/41/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 3 de xuño de 2003, relativa ás actividades e a supervisión de fondos de pensións de emprego, sempre que se cumpran os requisitos anteriores, e as continxencias cubertas sexan as previstas no artigo 8.6 do texto refundido da Lei de regulación dos plans e fondos de pensións.»,

2. Na disposición adicional oitava, número 1. Seis, no artigo 16.3.1), páxina 2399, onde di: «Dúas entidades que forman parte dun grupo que tribute no réxime dos grupos de sociedades cooperativas», debe dicir: «Dúas entidades que formen parte dun grupo que tribute no réxime dos grupos de sociedades cooperativas».

3. Na disposición adicional oitava, número 1. Sete, no artigo 19.5, páxina 2399, onde di: «... a que se refire a alínea f) do número 1 do artigo 12 desta lei...», debe dicir: «... a que se refire a alínea f) do número 1 do artigo 13 desta lei».